



### APERTURA DE PRAZO DE INSCRICIÓN EN DIVERSAS LISTAXES DO SERGAS

O concello de Outes informa de que o 24 de marzo de 2017 publícase no DOG a resolución pola que se inicia o prazo para a inscrición das persoas interesadas nas listas de aspirantes para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

As categorías para as que se abre o prazo son:

- **Telefonista.**
- **Albanel.**
- **Carpinteiro/a.**
- **Costureiro/a.**
- **Perruqueiro/a.**

As persoas aspirantes deberán posuír, polo menos, unha das titulacións indicadas:

- Graduado escolar.
- Graduado/a en ESO ou equivalente.
- Título de técnico (formación profesional de grao medio).

A formalización das solicitudes de inscrición efectuarana as persoas interesadas a través do currículo profesional habilitado electronicamente (FIDES/Expedient-e/ Sección de Procesos) ó cal se accederá a través da páxina web ([www.sergas.es](http://www.sergas.es))

Prazo de inscrición: Poderanse formalizar as solicitudes **desde o día 25 de marzo ó 25 de abril** de 2017, ambos incluídos. Os méritos computables serán os causados ata o 10 de abril de 2017 e que consten acreditados na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez xeradas as primeiras listas, a inscrición será aberta e permanente. De rexistrar a inscrición no Expediente Electrónico con posterioridade ao 25 de abril de 2017, o/a aspirante figurará na seguinte xeración de listas que se efectúe nas respectivas categorías.

A solicitude de inscrición nunha categoría será incompatible coa solicitude de inscrición en calquera outra categoría.

➤ Para máis información:

Enlace ó DOG: [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170324/AnuncioG0003-210317-0001\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170324/AnuncioG0003-210317-0001_gl.html)

Ou contactar coa orientadora laboral:

Rúa da Capela nº 13 - 1º andar (Outes)

Teléfono: 981 851 094

[orientacion.laboral@out.es](mailto:orientacion.laboral@out.es)